



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

ANUNCIO DO SORTEO PÚBLICO ANUAL DAS LETRAS DE PRIORIDADE PARA RESOLVER OS EMPATES NO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NO CURSO 2012/13.

Por Decreto 30/2007, do 15 de marzo, DOG do 16, regúlase a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e por Orde do 17 de marzo de 2007, DOG do 19 (corrección de erros no DOG do 4 de abril), regúlase o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en cumprimento do previsto no artigo 34.3 da devandita Orde do 17 de marzo, **anuncia** a celebración do acto público de sorteo no que se extraerán as dúas letras de prioridade do primeiro e segundo apelido, para resolver os empates na puntuación das alumnas e alumnos no proceso do próximo curso 2012/2013.

Día: 1º de marzo de 2012.

Hora: 12: 00 h.

Lugar: Sala de Xuntas B da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Edificio Administrativo de San Caetano, 1º andar. Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez